



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 19 de abril de 2010
HORA DE COMEZO: 20:15 horas
HORA DE REMATE: 21:30 horas.

ASISTENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez
D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Rodríguez
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde D. Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Cesión local á asociación FALEMOS**
- 3. Desestimación recurso Aquagest**
- 4. Dar conta Decreto delegación de sinatura**
- 5. Recoñecemento extraxudicial crédito**
- 6. Aprobación Ordenanza reguladora taxa pola utilización das instalacións deportivas por peregrinos.**
- 7. Solicitud a Subdelegación do Goberno de máis medios para control e vixilancia no municipio.**

8. **Dar conta do informe de VERIFICACIÓN ANUAL do cumprimento do plan económico financeiro. Deixalo sen efecto.**
9. **Informe de EVALUACIÓN do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria e aprobación do presuposto xeral municipal para 2010.**
10. **Modificación puntual das NNSS para delimitación do solo urbanizable en Deseiro de Arriba (Sergude).**
11. **Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.**
12. **Aprobación Convenios suministros de auga entre o concello de Boqueixón – Vila de Cruces e Boqueixón – Santiago de Compostela.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

En primeiro lugar o sr. Viaño di que quere facer unha queixa por presentar no Pleno extraordinario tantos puntos na orde do día e ademais con tanta e complicada documentación como é a do plan xeral, a do presuposto e a da modificación das normas. Para todo o cal só tivemos dous días para examinala.

En canto á acta anterior, o sr. Viaño di que non ten nada que alegar. Tampouco o sr. Sanjuás do grupo popular.

A secretaria di que hai un erro. Entre os concelleiros onde di José Antonio Becerra Couto debe dicir Becerra Rodríguez.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos presentes , apróbase a acta da sesión plenaria celebrada o día 10 de marzo de 2010.

2. Cesión local á asociación FALEMOS

Dase conta do escrito presentado pola asociación FALEMOS solicitando a cesión do local da antiga escola unitaria de Codeso para o desenvolvemento de actividades continuas para persoas con autismo e outros trastornos.

O sr. Viaño di que o seu grupo sempre estivo de acordo con apoiar a estas asociacións, pero que ten reticencia a este acordo. Por un lado porque con outras iniciativas que se levaron a cabo con esta asociación quedaron en nada, e por outro porque este local pode ser necesario en calquera momento para o concello, para dar vivenda a familias en casos de emerxencia, etc.

Esta asociación (segue dicindo o sr. Viaño) ten a súa sede en Santiago de Compostela e polo tanto non se entende ben este empeño en solicitar cesións de terreos ou locais en Boqueixón.

Pregunta o sr. Viaño canto é o tempo de cesión porque na proposta ponse quince anos pero nun convenio que hai sen asinar pon trinta anos.

No informe de secretaría, dise que a cesión non debería superar os trinta anos pois en caso contrario poderían adquirir a propiedade e , segue dicindo o sr. Viaño, que as cesións deberían facerse por menos anos, quizais cinco prorrogables.

O sr. alcalde responde que esta asociación ten algo especial para Boqueixón, pois empezou cun neno autista do concello e que non entende porqué o sr. Viaño sempre se opuxo á referida asociación.

Responde o sr. Viaño que non se opón e que non ten nada en contra dela, e di o sr. alcalde que da impresión de que sí.

Neste momento cando son as 20:30 horas entran no salón de plenos os concelleiros don José María Fernández Vázquez e don Jesús J. Santasmarinas Devesa.

O sr. alcalde di que a cesión é por 15 anos prorrogables como máximo outros 10 anos pero se no prazo de dous anos desde esta cesión non se inician as actividades o edificio revertirá ao concello.

Insiste o sr. Viaño que se debería ceder por cinco anos prorrogables por dez.

Sen máis, e tendo en conta os seguintes :

“ANTECEDENTES:

1) *O Pleno da corporación en sesión celebrada o 11 de outubro de 2000 acordou desafectar do dominio público o edificio – escola de Codeso, sito na zona de Sta Eulalia de Codeso – Outeiro.*

2) *O 17 de marzo de 2010, rexistro de entrada nº 639, a Asociación Falemos con CIF : G 15850563, presenta un escrito solicitando a cesión do referido edificio para o desenvolvemento de actividades continuas para persoas con autismo e outros trastornos.*

3) *No libro de inventario de bens de propiedade municipal aparece inscrita no epígrafe 1, grupo 1 nº de orde 8 o citado ben, como ben patrimonial.*

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS:

1) *O artigo 109 do Regulamento de bens das entidades locais establece que os bens inmobles patrimoniais poderán cederse gratuitamente a entidades ou institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal , así como a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.*

Destas cesións terá que darse conta á comunidade autónoma.

2) *Artigo 110 do mesmo Regulamento establece que en todo caso a cesión gratuíta dos bens requirirá o acordo adoptado por maioría absoluta do número legal de membros da corporación, e no apdo f deste artigo requírese información pública por prazo non inferior a 15 días.*

3) *O artigo 111.2 establece que se no acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se ceden deberán cumprirse no prazo máximo de 5 anos , tendo que manterse o seu destino durante os 30 seguintes.*

Este mesmo artigo establece que si os bens cedidos non fosen destinados, ao uso dentro do prazo sinalado no acordo, no seu caso, ou deixasen de selo posteriormente, considerarase resolta a cesión e revertirán á corporación (os bens).

4) Artigo 276.2 da Lei 5/1997 da Admón local de Galicia sinala que os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente, a non ser a entidades ou institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes, así como a institucións ou asociacións privadas de interese público sen ánimo de lucro.

5) Artigo 1959 do Código Civil , que establece “ prescribe o dominio público e demais dereitos reais sobre bens inmobles por posesión non interrumpida durante 30 anos, sen necesidade de título nin de boa fe, e sen distinción entre presentes e ausentes ”

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

“Marta Gómez Fernández, arquitecta , colexiada núm. 3720, dos servizos técnicos urbanísticos municipais do concello de Boqueixón (A Coruña), con relación á solicitude de cesión da escola unitaria de Outeiro, na parroquia de Codeso, presentada a instancia de don Isaac Vázquez Mosquera, con DNI núm. 33267226-A, como presidente da asociación FALEMOS, con CIF núm. G15850563 e domicilio a efectos de notificacións en rúa Xan Xordo, nº 6, Lavacolla, CP 15820, Santiago de Compostela

INFORMO:

Que a escola de Codeso, que se pretende CEDER á asociación FALEMOS, polo concello de Boqueixón, non está comprendida en ningún ámbito pendente de ordenación, reforma ou adaptación, e que según fontes municipais , non é necesario para a entidade local nin é previsible que o sexa nos vindeiros dez anos inmediatos. E para que conste ós efectos oportunos asino o presente a 26 de marzo de 2010.”

O Pleno da corporación cos votos a favor dos representantes do P.P.e coa abstención do P.S.de G. acorda :

1) Ceder á asociación FALEMOS, de pais e titores de persoas afectadas de autismo e outros trastornos xeneralizados do desenvolvemento, o edificio da antiga escola unitaria de Codeso, sita no lugar de Outeiro para o desenvolvemento de actividades continuas para persoas con autismo e outros trastornos.

2) O prazo máximo de cesión será de 15 anos prorrogables como máximo por outros 10 salvo que ambas partes de común acordo decidan finalizar a cesión antes do cumprimento do prazo acordado.

3) O edificio obxecto da cesión só poderá ser destinado ao desenvolvemento de actividades continuas para persoas con autismo e outros trastornos xeneralizados do desenvolvemento (desenvolvemento de respiros familiares, actividades de lecer, tempo libre e actividades administrativas da asociación)

4) A asociación será responsable da execución das obras de mellora e / ou ampliación necesarios para o desenvolvemento das súas actividades, así como dos gastos de mantemento do edificio.

5) O edificio cedido, revertirá ao concello no caso de que non se levase a cabo o obxectivo polo cal se solicitou a cesión, ou no suposto de disolución da asociación. A reversión ao concello, farase nas mesmas condicións de gratuidade nas que se ceden.

6) Se no prazo de dous anos desde a cesión, non se inician as actividades o edificio cedido revertirá ao concello nas mesmas condicións de gratuidade.

7) Expoñer o expediente ao público durante 15 días mediante a súa publicación no BOP, no taboleiro de edictos do concello, a efectos de presentación da reclamación ou alegación.

De non presentarse, este considerárase definitivo.

3.Desestimación recurso Aquagest

Dase conta do escrito presentado por Aquagest contra o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de sumidoiros, das fosas sépticas e mini depuradoras de augas residuais.

O sr. Viaño di que estes temas son informados polos técnicos competentes e polo tanto están de acordo, aínda que se absteñen porque non teñen suficiente coñecemento do tema.

Sen máis debate, e tendo en conta os seguintes ,

“ANTECEDENTES

1- Con data do 13/01/2010 o Pleno adoptou acordo de aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios, da xestión do servizo público de sumidoiros (rede de colectores e estacións de bombeo) e das fosas sépticas e mini depuradoras de augas residuais do concello de Boqueixón.

2- O anuncio de licitación do contrato publicouse no diario oficial de Galicia nº 44 do 5 de marzo de 2010 e no boletín oficial da provincia número 48, do 12 de marzo de 2010.

Así mesmo, publicouse no perfil do contratante o día 8/02/2010.

3- Con data 18/03/2010 ten entrada no rexistro municipal co número 655, unha alegación presentada por Aquagest promoción técnica y financiera de abastecimiento de agua S.A. (Aquagest) na cal se alega :

1) Que o prego (artigo 26) indica que o anuncio de licitación se publica no DOG ou no BOP. Sen embargo, debe ser publicado nos dous.

2) Que o artigo 5 indica que o adxudicatario debe contar cun local céntrico para a oficina de atención ao abonado do servizo que se adxudica.

Considera o alegante que se debe incluír que esta oficina será única e exclusiva para os servizos que pretende contratar o concello.

3) Que o artigo 10 indica que o concello proporcionará ao concesionario a información necesaria para a xestión do servizo, e que o artigo 37 establece que a

letura dos contadores dos abonados ao servizo de abastecemento, será a base para calcular o recibo a aboar por parte dos abonados.

Amáis, o artigo 39.1 indica que se o abonado do servizo de saneamento e abastecemento é o mesmo, o recibo terá o mesmo nome e a ser posible nun só recibo.

Con isto, di a alegante que se da vantaxe ao actual concesionario de abastecemento de auga dado que xa ten a obriga (no seu contrato) da letura dos contadores de auga potable e ademais plantexa a dúbida sobre quen aportará a información sobre o consumo de abastecemento de auga, que é a base para calcular o recibo a aboar por parte dos abonados.

4) Que os criterios de selección son subxetivos, polo que é obrigatoria a existencia dun comité de expertos.

5) Que falta o código indicado na nomenclatura CPU da comisión europea.

6) Que ao ser o obxecto do contrato ademais da xestión integral do servizo de saneamento e depuración, as análises e controis da calidade da auga da piscina municipal na tempada de verán, deberíase detallar o réxime xurídico aplicables ao tratarse dun contrato mixto.

7) Que entre os criterios de selección previstos no artigo 28, se inclúen estar xestionando servizos similares e o plan de controis de análises de calidade da auga en todo o concello, valorándose ter laboratorio propio ou concertado.

Alega, sen embargo, que non se aclara se se refire a servizos similares de saneamento ou da realización da analítica e controis.

LEXISLACIÓN APLICABLE

1- Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público:

Artigo 12 que regula os contratos mixtos.

Artigo 99 que regula os pregos de cláusulas dos contratos en xeral.

Artigo 117 que regula os pregos de cláusulas dos contratos de xestión de servizos.

Artigo 134 regula os criterios de valoración das ofertas.

A disposición derogatoria que establece a derogación das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a esta lei de contratos do sector público.

2- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público:

Artigos 27 ,28 ,29 e 30 que regulan a composición, funcionamento e designación do comité de expertos.

3- Lei 30/1992 modificada pola Lei 4/1999 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

Artigo 105.2 que establece que as administracións públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Artigo 111 que establece que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.

Non obstante a administración poderá suspender a execución, de oficio ou a instancia do recurrente, cando a execución poida causar prexuízos de imposible ou difícil reparación, ou ben cando a impugnación se fundamente en causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da citada lei 30 /1992.

En primeiro lugar débese ter en conta que ningunha das alegacións efectuadas pola recurrente se fundamenta nas causas de nulidade de pleno dereito, e tampouco se pode considerar que continuar co procedemento de licitación, alomenos, ata que se produza a adxudicación definitiva cause prexuízos de difícil ou imposible reparación.

Por outro lado, en canto á primeira alegación dicir por un lado que o anuncio de licitación publicouse no diario oficial de Galicia do 5 de marzo de 2010, no boletín oficial da provincia do 12 de marzo de 2010 e no perfil do contratista desde o 8 de febreiro de 2010.

Por outro lado, o Pleno da corporación na sesión do día 13 de xaneiro de 2010, acordou iniciar o expediente de contratación e publicar a licitación no boletín oficial da provincia, no diario oficial de Galicia e no perfil do contratante.

En canto a existencia dun local céntrico para a prestación do servizo, o artigo 5 do prego di exactamente que “ o adxudicatario contará cun local céntrico para a oficina, para o trato e relación cos aboados do servizo que se pretende contratar.

E debemos ter en conta que o servizo que se está contratando é o de saneamento (rede de colectores e estacións de bombeo) e das fosas sépticas e tamén depuradoras de augas residuais. Non o de abastecemento.

En canto á información á concesionaria para a xestión do servizo, débese ter en conta que este servizo público é de titularidade municipal, e aínda que se adxudique a súa concesión, a titularidade seguirá sendo municipal. Neste senso, a cláusula 10.B, do prego indica claramente cales son os deberes da administración municipal, concretamente no apartado 6): “ proporcionar ao concesionario a información necesaria para a xestión do servizo”.

O alcalde, como representante legal do concello dirixe, inspecciona e impulsa os servizos municipais, tal como establece o artigo 21.1.b) e d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

En canto a obrigatoriedade da existencia dun comité de expertos, dicir que efectivamente e por erro no prego sinalase que a mesa contará co asesoramento de alomenos, un técnico.

Sen embargo, posteriormente detectouse este erro e fíxose a correspondente corrección que foi publicada no perfil do contratante.

En canto á codificación do contrato por un lado dicir que as normas aplicables sobre o uso das distintas clasificacións de produtos por actividades, estes teñen virtualidade cara á función estadística pública non afectando ao contido da prestación, cuxa delimitación é obxecto do prego de cláusulas.

Por outro lado, o ANEXO II do Real Decreto 81/2009 que desenrola parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público, refírese as categorías e números de referencia CPU, dos servizos a que se refire o artigo 10 da Lei de contratos, non as previstas no artigo 8, que son os contratos de xestión de servizos públicos.

En canto ao contrato mixto, dicir que cando un contrato conteña prestacións de distinta clase, na adxudicación prevalecerán as normas da prestacións que ten máis importancia desde o punto de vista económico, que neste caso é a xestión integral do servizo municipal de sumidoiros e depuración de augas residuais.

En canto á valoración dos criterios de estar xestionando servizos similares, e de control de análises de calidade da auga en todo o concello con laboratorio propio ou concertado, débese ter en conta que a calidade na prestación da xestión dun servizo adquirese coa práctica do mesmo.

Por isto se valora o criterio de estar xestionando servizos similares, para que se xestione coa calidade debida.

O prego, na cláusula 1, indica que o obxecto do contrato é a xestión integral do servizo e que isto comprende tamén as análises e controis de calidade da auga da piscina municipal durante a tempada de verán.

Sen embargo, o control de análises de calidade de auga en todo o concello e ter laboratorio, valórase con 10 puntos, pero non se esixe para participar na licitación.”

O Pleno da corporación cos votos a favor dos representantes do P.P. e coa abstención do P.S. de G. acorda :

1.- Rexeitar o escrito de alegacións presentado por Aquagest promoción técnica y financiera de abastecimientos de agua S.A (Aquagest), contra o prego de cláusulas administrativas particulares aprobado para a contratación da xestión do servizo público de sumidoiros, das fosas sépticas e mini depuradoras de augas residuais do concello de Boqueixón.

2.- Comunicar este acordo á recurrente.

4.Dar conta Decreto delegación de sinatura.

Dase conta do seguinte decreto :

“ Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos e de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común,

Resolvo :

- 1) Delegar a sinatura de toda a documentación ordinaria diaria que se xere neste concello, no primeiro tenente de alcalde don Jesús Sanjuás Mera.
- 2) Comunicar esta resolución ao sr. Jesús Sanjuás Mera e dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.
- 3) Publicar, así mesmo, esta resolución no BOP e no taboleiro de edictos do concello.

Boqueixón, 31 de marzo de 2010.”

5.Recoñecemento extraxudicial crédito.

Dase conta do escrito da Mancomunidade da Comarca de Compostela reclamando o importe de 2.100 euros correspondentes á contribución ao presuposto da mancomunidade ano 2009.

Pregunta o sr. Viaño ¿ Porqué se é do ano 2009, ten rexistro de entrada de 11 de marzo de 2010, cando o escrito ten data do 30/12/2009 ?.

Segue dicindo o sr. Viaño que se ten que mellorar neste tema.

Cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G., apróbase o importe de 2.100 euros a aboar á Mancomunidade da Comarca de Compostela, correspondentes á contribución ao presuposto 2009. Aboamento que se fará con cargo ao presuposto municipal 2010.

6.Aprobación Ordenanza reguladora taxa pola utilización das instalacións deportivas por peregrinos.

O Pleno da corporación na sesión plenaria celebrada o 18 de novembro de 1998 aprobou a ordenanza reguladora da taxa pola utilización dos pavillóns deportivos municipais, modificada en pleno de 12 de maio de 2004.

Así mesmo, en sesión plenaria celebrada o 8 de xaneiro de 2000 aprobouse a ordenanza reguladora de taxa pola utilización do ximnasio municipal, modificada en pleno do 12 de maio de 2004.

Ditas ordenanzas regulan a utilización das instalacións polos cidadáns para a realización de actividades deportivas. Sen embargo con esta nova ordenanza que se propón ao pleno régulase, así mesmo, a utilización das referidas instalacións pero con finalidade ben distinta, polo cal non procede a modificación das ordenanzas anteriores co fin de incluír a taxa pola utilización das instalacións polos peregrinos, senón o establecemento da nova taxa mediante a nova ordenanza, para o cal se tramitou o correspondente expediente no cal consta o estudo económico elaborado por secretaría intervención.

Segue dicindo o sr. alcalde que debido ao gran número de peregrinos que están solicitando as instalacións é necesario aprobar esta taxa que axude , alomenos, nalgún gasto que se xera.

O sr. Viaño, felicita polo estudo efectuado para o cálculo, porque entende que está ben feito. Di , así mesmo, que están de acordo con esta ordenanza, e que , aínda sendo un prezo simbólico , convén que haxa algunhas normas.

Sen máis , por unanimidade acórdase :

1.-Aprobar inicialmente a seguinte ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS POLOS PEREGRINOS.

Artigo 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, este

concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por persoas físicas ou xurídicas dos locais e instalacións municipais para pasar a noite. Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas.

As prazas ocuparanse ao chegar os peregrinos que previamente o solicitasen. No caso de quedar espazo suficiente poderá ser ocupado polos peregrinos que se presenten aínda que non efectuasen solicitude previa.

Normas de comportamento:

a.- A estancia na instalación deportiva será dunha soa noite, salvo causa xustificativa de permanencia por máis tempo.

b.- A porta do recinto será pechada ás 22:00 horas.

c.- A saída será ás 8:00 horas da mañá.

Artigo 2._ FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible a utilización das instalacións deportivas municipais existentes no municipio para pasar a noite co cumprimento das normas de comportamento descritas.

Artigo 3._SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e entidades ás que se refire o artigo 35.4 da lei xeral tributaria que soliciten ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

Artigo 4.- RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo ás persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a resultante de aplicar a seguinte tarifa:

- Pola utilización dos pavillóns municipais para pasar a noite: **1 euro por persoa e noite.**

Artigo 6.- NORMAS DE XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase no momento da entrada no local ao que se refire a presente ordenanza, que será a partir das vinte horas .O pago da taxa acreditarase mediante a entrega do correspondente xustificante, do cal se aportará unha copia para a tesourería municipal.

Así mesmo poderá ser aboada na conta do concello previa presentación da solicitude na cal se indicará o número total de persoas e unha vez sexa comunicada a correspondente autorización.

A Alcaldía determinará as tempadas anuais nas que se poderá facer uso das instalacións citadas.

Artigo 7.- INFRACCIÓNS E SANCIONES

Para o tocante ás infraccións e sancions rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza unha vez aprobada polo pleno entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación .

2.- Expoñela ao público durante 30 días mediante a súa publicación no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do concello, aos efectos de presentación de posibles reclamacións.

3.- De non presentarse considerala definitivamente aprobada e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do texto integro da ordenanza no boletín oficial da provincia.

7.Solicitud a Subdelegación do Goberno de máis medios para control e vixilancia no municipio.

Dase conta da proposta da alcaldía para solicitar á Subdelegación do Goberno de máis medios para control e vixilancia no municipio e a continuación o sr. Viaño felicita ao goberno municipal, non só por esta proposta senón tamén polo escrito que xa se ten presentado o día 2/02/2010 na garda civil de Lestedo.

Sen máis debate e tendo en conta que nos últimos meses véñense producindo no concello de Boqueixón numerosos destrozos no mobiliario urbano, desaparición de contadores do lixo, ruidos coas motos e incluso nos últimos días téñense producido atracos en vivendas tanto illadas do medio rural coma urbanas.

Todo isto está provocando nos veciños un clima de inseguridade e malestar co cal se presentan queixas na alcaldía solicitando que se adopten medidas de seguridade que faciliten a convivencia tranquila dos cidadáns.

Con data de 2 de febreiro de 2010 solicitouse ao cuartel da garda civil de Lestedo que aumentaran a vixilancia na zona e os medios operativos co fin de controlar os actos violentos que se están producindo no concello.

A corporación por unanimidade acorda :

1.- Solicitar á Subdelegación do Goberno máis efectivos para a garda civil de Lestedo, co fin de que incrementen as patrullas de seguridade e vixilancia polo concello.

2.- Remitir este acordo á Subdelegación do Goberno na Coruña.

8. Dar conta do informe de VERIFICACIÓN ANUAL do cumprimento do plan económico financeiro. Deixalo sen efecto.

Dase conta ao Pleno da corporación do seguinte informe efectuado por secretaría – intervención, para a súa toma de razón:

“En cumprimento do establecido no artigo 22.2 do RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais, emito o correspondente informe de verificación do cumprimento do Plan Económico – Financiero 2009-2011 do concello de Boqueixón, para a anualidade 2009.

DENOMINACIÓN	Ano 2009	Ano 2009			
	PLAN ECONÓMICO FINANCIERO	EXECUCIÓN REAL			
	PREVISIONS	PRESUPUESTO APROBADO	DESVIACIÓN	PRESUPUESTO LIQUIDADADO	DESVIACIÓN
CAPÍTULO DE INGRESOS					
1. Impostos Directos	505.000,00	722.305,19	217.305,19	624.179,74	119.179,74
2. Impostos Indirectos	85.000,00	62.000,00	-23.000,00	43.414,07	-41.585,93
3. Taxas e outros ingresos non afectados	225.000,00	288.500,00	63.500,00	272.462,65	47.462,65
4. Transferencias Correntes	1.758.064,96	1.929.780,96	171.716,00	1.955.896,73	197.831,77
5. Ingresos Patrimoniais	15.000,00	28.000,00	13.000,00	9.397,78	-5.602,22
Total Operacions Correntes	2.588.064,96	3.030.586,15	442.521,19	2.905.350,97	317.286,01
6. Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	1.120,50	1.120,50
7. Transferencias de Capital	1.141.659,73	2.017.222,99	875.563,26	2.128.442,89	986.783,16
8. Activos Financeiros	6.000,00	12.000,00	6.000,00	3.249,48	-2.750,52
9. Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total Operacions de Capital	1.147.659,73	2.029.222,99	881.563,26	2.132.812,87	985.153,14
Total Presuposto de Ingresos	3.735.724,69	5.059.809,14	1.324.084,45	5.038.163,84	1.302.439,15
CAPÍTULO DE GASTOS					
1. Gastos de Persoal	1.207.754,94	1.270.080,27	62.325,33	1.387.239,56	179.484,62
2. Gastos en Benes Correntes e Servicios	1.259.281,22	978.623,39	-280.657,83	1.044.424,55	-214.856,67
3. Gastos financeiros	18.473,92	66.000,00	47.526,08	65.870,74	47.396,82
4. Transferencias Correntes	277.054,00	331.454,00	54.400,00	225.735,62	-51.318,38
Total Operacions Correntes	2.762.564,08	2.646.157,66	-116.406,42	2.723.270,47	-39.293,61
6. Inversións reais	935.061,54	2.377.272,61	1.442.211,07	2.294.815,64	1.359.754,10
7. Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8. Activos Financeiros	10.000,00	12.000,00	2.000,00	1.192,00	-8.808,00
9. Pasivos Financeiros	20.000,00	16.279,80	-3.720,20	16.279,80	-3.720,20
Total Operacions de Capital	965.061,54	2.405.552,41	1.440.490,87	2.312.287,44	1.347.225,90
Total Presuposto Gastos	3.727.625,62	5.051.710,07	1.324.084,45	5.035.557,91	1.307.932,29

INDICADORES DO CUMPRIMENTO	PREVISIONS	PRESUPUESTO APROBADO	DESVIACIÓN	PRESUPUESTO LIQUIDADADO	DESVIACIÓN
1. Estabilidade Presupostaria					
Saldo Non Financeiro	32.099,07	24.378,87	-7.720,20	64.233,96	32.134,89
Saldo Financeiro	24.000,00	16.279,80	-7.720,20	14.222,32	-9.777,68
2. Resultado Presupostario	8.099,07	8.099,07	0,00	2.605,93	-5.493,14
3. Aforro Bruto	-174.499,12	384.428,49	558.927,61	182.080,50	356.579,62
4. Aforro Neto Presupostario	-194.499,12	368.148,69	562.647,81	165.800,70	360.299,82

CÁLCULO DA ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA Á LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO

SALDO NO FINANCIERO: Capítulos (1-7 Ingresos) - Capítulos (1-7 Gastos) . = 16.828,25

AXUSTES:

- Exceso D.R sobre recadación Cap. 1,2,3	. =	-74.254,06
- Capítulo 4 Ingresos	. =	0,00
- Capítulo 7 Ingresos	. =	0,00
- Cuenta 413	. =	121.659,77

SALDO NON FINANCIERO AXUSTADO . = 64.233,96

SALDO FINANCIERO: Capítulos (8 Gastos- 8 Ingresos) - Capítulos (9 Ingresos- 9 Gastos) . = 14.222,32

AXUSTES

-No hal axustes . = 0

SALDO FINANCIERO AXUSTADO . = 14.222,32

CONCLUSIÓN:

Aínda que se producen desviacións en distintos capítulos de gastos e de ingresos, tanto no presuposto aprobado como no liquidado, sobre o previsto no Plan Económico Financeiro para o presuposto do exercicio 2009, estas compénsanse e así por exemplo o gastado en exceso no Capítulo 1 “Gastos de Persoal” vese compensado co menor gasto producido no Capítulo 2 “Gastos en bens correntes e servizos”. Do presuposto de gastos a desviación máis importante produciuse no Capítulo 6 “Inversións reais”, pero ven motivada por unha desviación importante no Capítulo 7 “Transferencias de Capital” do presuposto de ingresos.

Todas as magnitudes calculadas e utilizadas como indicadores de cumprimento foron positivas e en algúns casos moi superiores ao previsto no plan económico financeiro, como é no caso da vertente non financeira da estabilidade presupostaria e do aforro bruto e aforro neto presupostario.

Con base aos datos anteriores pódese concluir que SE CUMPRE o obxectivo establecido no Plan Económico Financeiro 2009 – 2011 aprobado polo Concello de Boqueixón para a anualidade do 2009 e dado que se alcanzou o superávit en termos de capacidade de financiación na fase de liquidación, proponse pola que suscribe que o Pleno deixe sen efecto o citado Plan Económico Financeiro aínda que non se teña esgotado o prazo temporal inicialmente previsto.

De conformidade co establecido no art. 22.2 do Real Decreto 1463/2007, procede:

- Elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.

b) Remítalo ao órgano competente da comunidade autónoma que exerce a tutela financeira no prazo máximo de 15 días hábiles contados desde o coñecemento do Pleno.”

O sr. Viaño di que sempre que se fala de números é para facer cadralos, porque según di se nos gastos dos capítulos 1 a 7 se incluíron todas as facturas recoñecidas extraxudicialmente, os números non cadran.

Aínda que sí comprende que oficialmente hai estabilidade, pregúntase si a hai realmente , porque se non se contabilizaron todas as facturas non se pode dicir que se cumpren os obxectivos.

Coa economía seguimos igual (di o sr. Viaño) e sendo así o grupo socialista non está de acordo porque a economía do concello non mellorou.

Responde o sr.alcalde, que algo teremos mellorado cando en caixa hai fondos.

A continuación procédese coa votación para deixar sen efecto o plan económico financeiro 2009 – 2011 dado que se alcanzou o superávit en termos de capacidade de financiación na fase de liquidación, e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra dos do P.S. de G., acórdase :

- 1) Deixar sen efecto o plan económico – financeiro 2009 – 2011 aínda que non se teña esgotado o prazo temporal inicialmente previsto, dado que se alcanzou o superávit en termos de capacidade de financiación na fase de liquidación.
- 2) Remitir esta acordo ao órgano competente da comunidade autónoma.

9.Informe de EVALUACIÓN do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria e aprobación do presuposto xeral municipal para 2010.

En primeiro lugar dase conta do seguinte informe de EVALUACIÓN do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria elaborado por secretaría – intervención con motivo da aprobación do Presuposto Xeral 2010:

“ANTECEDENTES

Examinado o Presuposto Xeral que para o exercicio 2010 foi formado pola alcaldía, procédese, en aplicación dos arts. 4, 16.2 e concordantes do RD 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, a emitir o informe desta Secretaría-Intervención sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria, tendo en conta que se deixa sen efecto o Plan Económico Financeiro 2009-2011 ao terse alcanzado o reequilibrio na liquidación do exercicio 2009.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. OBXECTIVO DE ESTABILIDADE

A estabilidade presupostaria implica que de maneira constante, ou ao longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volumen de débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos presupostos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento – amortizacións) debe ser cero. De maneira máis rigurosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

O cálculo da capacidade/necesidade de financiación nos entes sometidos ao presupuesto obtéñense de dúas formas:

1. Saldo presupostario financeiro, pola diferenza da adquisición neta de activos e pasivos financeiros, debidamente axustados aos criterios do SEC 95.
2. Saldo presupostario non financeiro, pola diferenza entre os importes presupostados nos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos e nos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros, de acordo cos criterios do SEC 95.

2. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O PRESUPOSTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DO ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

A. Axentes que constitúen a Administración Local, según establece o artigo 2.1.d) do Real Decreto Legislativo 2/2007, de 28 de decembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria (“Corporacións Locais” en Contabilidade Nacional): Entidade Local, Organismos Autónomos e Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais.

Entidade Local: CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais en virtude do artigo 2.2 do TRLGEP, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).

NINGUNHA.

O Concello de Boqueixón non ten ningunha entidade pública ou privada dependente, polo que o informe de avaliación realizase exclusivamente respecto do presuposto da entidade local.

3. DEFINICIÓNS DE CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIACIÓN CONTIDAS NO SEC 95:

O Regulamento (CE) nº 2223/96 do Consello de 25 de xuño de 1996 relativo ao sistema europeo de contas nacionais e rexionais da Comunidade (Diario Oficial nº 310 de 30/11/1996) contén as seguintes definicións da capacidade/necesidade de financiación.

Capacidade/Necesidade de financiación da economía no seu conxunto:

É a suma das capacidades/necesidades de financiación dos sectores institucionais e representa os recursos netos que a economía no seu conxunto pon a disposición do resto do mundo (se é positiva) ou que recibe do resto do mundo (se é negativa).

Conta de Capital:

A conta de capital rexistra as adquisicións menos as cesións de activos non financeiros realizadas e mide a variación do patrimonio neto debida ao aforro e ás transferencias de capital.

A conta de capital permite determinar en qué medida as adquisicións menos as cesións de activos non financeiros foron financiadas con cargo ao aforro e ás transferencias de capital. Esta conta mostra ou ben unha capacidade de financiación que corresponde ao importe de que dispón unha unidade ou un sector para financiar, directa o indirectamente, a outras unidades ou sectores, ou ben unha necesidade de financiación que corresponde ao importe que unha unidade ou sector se ve obrigado a pedir prestado a outras unidades ou sectores.

Conta Financieira:

A conta financieira rexistra, por tipo de instrumento financeiro, as variacións dos activos financeiros e dos pasivos financeiros que dan lugar á capacidade/necesidade de financiación.

Operacións Financieiras:

O saldo da conta financieira, é dicir, a adquisición neta de activos financeiros menos a contracción neta de pasivos, é a capacidade/necesidade de financiación.

CÁLCULO DA CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIACIÓN.

Realizadas as anteriores consideracións, procédese a calcular a capacidade ou necesidade de financiación resultante do presuposto que se presenta á aprobación e cuxo resumen por capítulos é a seguinte:

Estado de Ingresos		Estado de Gastos	
Capítulos	Previsións	Capítulos	Previsións
1	711.290,98	1	1.419.348,55
2	50.000,00	2	1.107.445,41
3	217.000,00	3	29.589,57
4	1.947.144,40	4	279.293,02
5	13.000,00		
6		6	1.071.836,55
7	1.017.761,88	7	0,00
8	10.000,00	8	10.000,00
9	0,00	9	16.279,80
TOTAL	3.966.197,26	TOTAL	3.933.792,90

SALDO PRESUPOSTARIO FINANCIERO:

SALDO PRESUPOSTARIO FINANCIERO = CAPÍTULO 8 GASTOS - CAPÍTULO 8 INGRESOS – (CAPÍTULO 9 INGRESOS - CAPÍTULO 9 GASTOS)

Substituíndo polo seus valores:

SALDO PRESUPOSTARIO FINANCIERO = 16.279,80

Axustes dos capítulos 8 e 9 para adaptar o saldo financeiro ao SEC 95, conforme ao Manual da IGAE para o cálculo do déficit público adaptado á Administración local: non se da ningún do supostos de axuste.

SALDO PRESUPOSTARIO NON FINANCIERO:

SALDO PRESUPOSTARIO NON FINANCIERO = CAPÍTULOS 1 a 7 INGRESOS - CAPÍTULOS 1 a 7 GASTOS.

Substituíndo polos valores:

SALDO PRESUPOSTARIO NON FINANCIERO = 48.684,16

Axustes dos capítulos 1 al 7 para adaptar o saldo financeiro ao SEC 95, conforme ao Manual da IGAE para o cálculo do déficit público adaptado á Administración local : non se da ningún do supostos de axuste.

CONCLUSIÓN

Dos cálculos anteriores, nos que tanto o saldo financeiro como o saldo non financeiro da estabilidade presupostaria son positivos, é dicir, presentan superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, conclúese a **situación de cumprimento** do obxectivo de estabilidade presupostaria do Presupuesto do Concello de Boqueixón para o exercicio 2010.

De conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, emítase este informe que se deberá incorporar aos demais previstos na lexislación vixente.”

Por outro lado , en canto á aprobación do presuposto xeral municipal 2010, dicir que a “Comisión de Contas”, na sesión que tivo lugar o día 14 de abril de 2010 informouno favorablemente cos votos a favor do P.P. e en contra do P.S. de G.

O sr. Alcalde di que é un presuposto restritivo aínda que se amplían considerablemente as partidas destinadas a gasto social e en canto aos investimentos previstos para o 2010, ademais das sinaladas no plan de investimentos, tamén se executarán as seguintes :

- 1- Saneamento en Loureda (1ª fase) cun presuposto de 460.625 euros , e a segunda fase.
- 2- Arranxo dos retablos de igrexas: 90.000 euros.
- 3- Vestiarios do campo de fútbol: 57.000 euros.
- 4- Beirarrúas da travesía Codeso – Boqueixón: 584.977 euros.
- 5- Compra de dous tractores: 130.000 euros.
- 6- Compra de tres vehículos: 90.000 euros.

En total, aproximadamente 1.600.000 euros que , según di o sr. Alcalde, se executarán aínda que non se reflicten no presuposto 2010.

Responde o sr. Viaño que debería incluílos.

A continuación o sr. Viaño di o seguinte:

- 1- Coma sempre preséntase tarde, pois deberían presentarse en outubro do 2009.
- 2- Fanse cadrar os números. Non se axustan para nada ao plan económico financeiro, nin son realistas.
- 3- En canto aos ingresos, as previsións do capítulo I, son moi altas. Alomenos este ano non se inclúen ingresos por venda de leiras.
- 4- En canto aos gastos, aínda que o sr. alcalde di que é restritivo, a verdade é que se incrementan as partidas de administración xeral e altos cargos e baixan as de “acción social” e “estradas e camiños”, entre outras.
- 5- Achaca a un artificio contable o remanente negativo de tesourería do 2008 cando se sabe que recoñecen facturas do 2007 para ser pagadas no 2008 por valor de 748.000 euros e tamén no ano seguinte outro lote de facturas por valor de 284.000 euros. As famosas facturas no caixón, que nesta ano 2010 aínda se recoñeceron preto de 130.000 euros. Así é imposible que cadren as contas. O artificio contable é o que fai o goberno municipal , ou máis ben un xogo de prestidixitación.
- 6- Por último (di o sr. Viaño), en canto ás inversións aparecen as obras financiadas polo Estado e algunha da Xunta de Galicia. Tamén segue aparecendo a praza de avogado e tendo en conta que os gastos de persoal superan aos ingresos correntes, pois os gastos de persoal ascenden a 1.419.000 euros e os ingresos correntes , deducidos os finalistas.991.000 euros, os 50 postos de traballo para un concello de 4.400 habitantes é excesivo.

O sr. Sanjuás , di que apoian estes presupostos xa que son realistas aínda que o sr. Viaño diga o contrario.

Aínda baixando o sr. Viaño segue dicindo que están inflados, e se hai persoal é porque se prestan os servizos.

Responde o sr. Viaño ao sr. Sanjuás que cando o seu grupo vota en contra dos presupostos é porque hai varias razóns para facelo e cando din que os ingresos son esaxerados é porque realmente o son.

Remata o sr.alcalde dicindo, que proximamente na xunta de goberno serán aprobados os proxectos de beirarrúas e o de saneamento.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra dos do P.S. de G., acórdase :

1) Aprobar o presuposto xeral para o ano 2010 do que o seu estado de gastos e ingresos é o seguinte :

Estado de Gastos

Concello de Boqueixón

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Gastos de persoal	1.419.348,55 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.107.445,41 €
3	Gastos Financeiros	29.589,57 €
4	Transferencias Correntes	279.293,02 €
Total.....		2.835.676,55
B/ Operacións de Capital		
6	Inversións Reais	1.071.836,55
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos Financeiros	10.000,00
9	Pasivos Financeiros	16.279,80
Total.....		1.098.116,35
TOTAL PRESUPOSTO DE GASTOS		3.933.792,90 €

Estado de Ingresos

Concello de Boqueixón

Capítulo	Denominación	Euros
A/ Operacións Correntes		
1	Impostos directos	711.290,98 €
2	Impostos indirectos	50.000,00 €
3	Taxas, prezos públicos e outros	217.000,00 €
4	Transferencias correntes	1.947.144,40 €
5	Ingresos patrimoniais	13.000,00 €
Total.....		2.938.435,38 €
B/ Operacións de Capital		
6	Alleamento de inversións reais	- €
7	Transferencias de capital	1.017.761,88 €
8	Activos financeiros	10.000,00 €
9	Pasivos financeiros	- €
Total.....		1.027.761,88 €
TOTAL PRESUPOSTO DE INGRESOS		3.966.197,26 €

2) Aprobar as bases de execución do presuposto.

3) Aprobar o cadro de persoal que a continuación se transcribe :

CADRO DE PERSOAL 2010				
Núm. Efectivos	Denominación	Subgrupo	C.D	Situación
HABILITACION NACIONAL				
1	Secretaria	A-1	28	Propiedade
ADMINISTRACIÓN XERAL				
1	Administrativo	C-1	22	Propiedade
4	Administrativos/as	C-1	20	Propiedade
1	Administrativo	C-1	20	Excedencia
3	Auxiliares	C-2	18	Propiedade
ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
1	Facultativo de bibliotecas e arquivo	A-1	24	Propiedade
1	Psicólogo	A-1	24	Propiedade
1	Técnico Formación Ocupacional	A-2	24	Propiedade
1	Traballadora Social	A-2	25	Propiedade
1	Técnico Auxliar de Urbanismo	C-1	20	Propiedade
1	Capataz de obras	A.P	14	Propiedade
1	Avogado	A-1	24	
LABORAL FIXO				
1	Monitor Deportivo			
1	Conserxe			
1	Conductor recolledor do lixo			
1	Capataz de servizos			
1	Oficiais de servizos			
1	Operarias de limpeza			
LABORAL EVENTUAL				
8	Peóns de servizos (Grumir)			
1	Dinamizador social			
1	Auxiliar de deportes			
1	Operario de limpeza			
1	Educadora Familiar			
1	Conserxe			
1	Albanel			
6	Traballadoras da Escola Infantil			
4	Operarios de servizos			
PERSOAL DE GOBERNO				
1	Tenente alcalde			Adicación exclusiva

10.Modificación puntual normas subsidiarias para delimitación de solo urbanizable en Deseiro de Arriba – Sergude.

Polo concello considerouse de interese xeral o desenvolvemento dun novo parque empresarial en Deseiro de Arriba, a Susana, asumindo a proposta de delimitación que formula a mercantil “Santos Equipamientos de Interiores, S.L.”, para o cal é necesaria a modificación das NN.SS. de planeamento municipal, ao obxecto de incorporar ao sector do solo urbanizable delimitado, o Sector urbanizable SUD-1, establecéndose, ademais, a ordenación pormenorizada do ámbito, co obxecto de posibilitar o se inmediato desenvolvemento e implantación.

Desta forma, o Concello elaborou a “Modificación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, delimitando un sector de solo urbanizable con ordenación detallada (el SUD-1) en Deseiro de Arriba, atendendo a unha motivación de natureza socio-económica e co obxectivo prioritario de impulsar o desenvolvemento industrial do municipio.

A continuación o sr. Viaño di que lles sorprende este punto ata facelos dubidar da súa legalidade, porque modificamos as normas e a continuación aprobamos o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Non entendemos a presa en aprobar esta modificación, cando se aproba o plan xeral e xa se podería recoller esa delimitación no mesmo plan. Non será por medo a que non aproben o plan xeral.

Por outro lado, o informe da consellería sinala deficiencias que se teñen que corrixir e ademais xa existen os polígonos de Sergude (SAUI -2) co proxecto de urbanización aprobado, o SAUI-1 xa en marcha e o de Lestedo co informe negativo porque non está suficientemente xustificado.

Responde o sr. Alcalde que os promotores xa obtiveron o informe da consellería.

O sr. Viaño di que, ademais, os terreos foron comprados como rústicos , que se legalizan as construcións que non teñen licenza, e recalifícanse os terreos adquirindo un valor engadido.

Responde o sr. alcalde que o mesmo pode ocorrer se o fai calquera outro veciño, pois non é responsabilidade do concello , e que a lei cambiou, unha vez máis, permitindo as legalizacións.

O sr. Viaño, di así mesmo, que hai outros problemas, como o do saneamento e que o final será o Consello da Xunta quen o aprobe definitivamente e pregunta ao sr. alcalde porqué non espera á aprobación do plan xeral.

Responde o sr. alcalde, porque os interesados din que non. E o concello cumpre estritamente a lei e logo urbanismo dirá se procede aprobalo ou non. E en canto ao proxecto de urbanización do SAUI-2, respóndelle o sr. alcalde que de momento aínda non está aprobado definitivamente.

O sr. Viaño di que se o alcalde non asina o convenio non se fará e responde o sr. alcalde que o concello non se opón a que haxa máis desenrolo industrial.

Sen máis , tendo en conta os seguintes :

ANTECEDENTES

1.- O Concello de Boqueixón conta con Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal vixentes, aprobadas definitivamente polo Pleno municipal con data 15 de xuño de 1996.

2.- Elaborada a proposta de modificación puntual das Normas polo Concello remítese unha copia á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, con data de entrada 14 de maio de 2009, rexistro número 9848, solicitando o inicio do proceso de Evaluación Ambiental Estratéxica para dar cumprimento ao

disposto na Lei 9/2006 de 28 de abril, ou ben se declare a innecesariedade de someter esta modificación puntual ao dito procedemento.

A tal efecto, elaborouse o correspondente documento de inicio do proceso de Evaluación Ambiental Estratéxica da Modificación Puntual, conforme ao disposto no artigo 9.1 da Lei 9/2006.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia adoptou con data 24 de agosto de 2009 “Decisión pola que se acorda non someter a modificación puntual a avaliación ambiental estratéxica.

3.- O expediente de Modificación Puntual foi remitido, así mesmo, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, solicitando o informe previo á aprobación inicial de acordo co artigo 85.1 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite o citado informe o 21 de decembro de 2009, no cal se sinala unha serie de observacións ao documento da modificación puntual así como ás determinacións propias do planeamento pormenorizado.

Entre as observacións indicadas á modificación puntual en relación coa ordenación detallada do sector, se sinalase a necesidade de acreditar a existencia dunha actuación privada concertada mediante a incorporación ao expediente do convenio correspondente, de conformidade co artigo 57.2 da Lei 9/2002.

4.- O Concello e “Santos Equipamientos de Interiores, S.L.” suscriben un convenio urbanístico de planeamento, con data 14 de abril de 2010, atendendo ao informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, conforme ao artigo 57.2 da Lei 9/2002.

5.- Polo equipo redactor preséntase no concello o documento de Modificación Puntual e Ordenación pormenorizada das NN.SS, atendendo ás observacións do informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 21-12-2009.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Vistos os antecedentes sinalados e os informes que constan no expediente , resultan de aplicación as seguintes determinacións legais:

1.- Artigo 85 da Lei 9/2002 , respecto á tramitación do planeamento xeral, que establece o procedemento que resulta de aplicación , sinala:

a). Terminada a fase de elaboración do planeamento, e inmediatamente antes da súa aprobación inicial, o expediente completo será remitido ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe, que terá que ser emitido no prazo de tres meses. Transcorrido este prazo, poderá continuar a tramitación do plan.

b). O Concello que o formulou procederá á súa aprobación inicial e seguidamente será sometido ao trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión na provincia. Simultaneamente e

durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será precisa a notificación de trámite de información pública aos propietarios de terreos afectados.

c). Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a Administración municipal deberá recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que terán que ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinal outro prazo.

d). Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto á conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada.

2.- O artigo 57.2 da Lei 9/2002 que permite incorporar nos plans xerais a ordenación detallada, coas determinacións esixibles a un plan parcial, de maneira que se poidan executar directamente sen necesidade de planeamento de desenvolvemento.

Sen embargo este precepto inclúese dentro da sección 3 (do título 2, capítulo 1) da le, adicada ao plan xeral de ordenación municipal, pero non na sección 2 adicada ás normas subsidiarias e complementarias do planeamento, aínda que o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo admite o criterio de engadir as determinacións dun Plan de Sectorización para a ordenación detallada, no proxecto de modificación das normas.

3.- En canto á incorporación da ordenación detallada, débese notificar o expediente individualizadamente a todos os propietarios afectados, conforme á relación catastral que figura no expediente, tal e como sinala o artigo 86.1 da Lei 9/2002:

Artigo 86. Tramitación do planeamento de desenvolvemento

1. A tramitación dos plans parciais, plans especiais e plans de sectorización axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia. Simultaneamente notificarase individualmente a todos os propietarios dos terreos afectados. A estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación aos titulares que figuren no catastro, debendo figurar a relación na documentación de plan.

4.-O Artigo 235 da Lei 9/2002_ que regula los convenios de planeamento así como a súa incorporación ao expediente para coñecemento xeral e garantir que dito convenio sexa sometido á información pública (apartado 2º), ao sinalar:

4.1). A Administración autonómica e os municipios, así como os organismos adscritos ou dependentes dunha e doutros, poderán celebrar entre sí e con outras administracións convenios para definir de común acordo e no ámbito das súas respectivas competencias:

a) Os criterios de ordenación aos que deba axustarse o planeamento urbanístico e as súas modificacións e revisións.

b) Os termos nos que deba preverse no planeamento urbanístico, ou nas súas modificacións ou revisións, a realización dos intereses públicos que xestionen.

4.2) Cando se tramiten os procedementos de aprobación dos l plans de ordenación urbanística ou das súas modificacións ou revisións aos que se refiren os convenios

previstos no número anterior, estes deberán ser incluídos, para coñecemento xeral, como anexo á memoria do proxecto ou entre a documentación sometida ao preceptivo trámite de información pública, si son posteriores á aprobación inicial.

4.3) Con ocasión do exercicio da potestade de planeamento, a Administración autonómica e os municipios, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, poderán celebrar con calesquera persoas, públicas ou privadas, convenios urbanísticos relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística.

5.- Por outro lado o artigo 237 da Lei 9/2002, en canto a súa tramitación sinala:

5.1. Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e, alomenos, nun dos periódicos de maior difusión da provincia, por un período mínimo de vinte días.

5.2. Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación da procedemento de aprobación do instrumento de planeamento co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida á información pública propia de dito procedemento, substituíndo esta á prevista no número.

5.3. Despois da información pública, o órgano que houbera negociado o convenio deberá, á vista das alegacións, elaborar unha proposta de texto definitivo de convenio, da que se dará vista á persoa ou persoas que houberan negociado e subscrito o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.

5.4. O texto definitivo dos convenios terán que ratificarse polo órgano competente, debendo asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación de texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido dito prazo sen que se teña asinado o convenio, entenderase que renuncian a aquel. “

6.- O artigo 47.2 apartado II, da Lei 7/1985 de bases de réxime local, esixe **maioría absoluta** para os acordos que correspondan adoptar á corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

O Pleno da corporación cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra dos do P.S. de G. acorda :

1).- Aprobar inicialmente o expediente de “Modificación da I Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, delimitando un sector de solo urbanizable en Deseiro de Arriba”, que incorpora a ordenación detallada do sector SUD-1, de conformidade co artigo 85.2 da Lei 9/2002

2).- Someter a información pública o expediente aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, en especial, a documentación coas determinacións da ordenación detallada, o convenio urbanístico subscrito conforme ao artigo 57.2 da Lei 9/2002, durante un prazo **dun mes**, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous periódicos de maior difusión na provincia.

3).- Solicitar ás administracións públicas competentes os informes sectoriais correspondentes, en particular, informe das empresas subministradoras sobre a

suficiencia das infraestruturas e servizos existentes, informe da administración titular da estrada afectada, do Ministerio de Fomento en materia de ferrocarrís, do Ministerio competente en materia de telecomunicacións, e de Augas de Galicia . Así mesmo, solicitar dos servizos técnicos informe respecto á conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada (apartado 4º do artigo 85)

4).- Notificar individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos incluídos no ámbito obxecto da Modificación, para o cal procederase coa notificación ás persoas titulares que figuren no catastro, conforme á relación que consta no expediente.

11. Aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Na actualidade o Concello de Boqueixón ten como instrumento de planeamento urbanístico, as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente con data do 15 de maio de 1996.

Dende esta data, o concello tramitou un Plan Xeral de Ordenación Municipal, que se aprobou inicialmente con data do 6 de outubro de 2004, logo da súa tramitación administrativa, aprobouse provisionalmente con data do 14 de setembro de 2005, e foi denegada a súa aprobación definitiva pola Xunta de Galicia, de forma bastante arbitraria e pouco xustificada, con data do 20 de febreiro de 2006.

Neste momento tense redactado un novo documento completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal, realizado por “*Estudio Técnico Gallego, S.L.*”, empresa adxudicataria do contrato para a súa redacción. Este novo documento conta co preceptivo informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo, emitido con data do 17 de agosto de 2009.

Con esta data, xa se facía ver que era inminente a entrada en vigor dunha nova modificación da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e que afectaría principalmente á delimitación e ordenación dos núcleos rurais, as competencias para a tramitación de expedientes de autorizacións previas en solo rústico, e as reducións de prazos para a tramitación de planeamento de desenvolvemento, entre outros apartados.

Esta nova Lei, 2/2010, do 25 de marzo, de medidax urxentes de modificación da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, está prevista a súa entrada en vigor con data do 21 de abril de 2010, logo de saír publicada no Diario Oficial de Galicia, con data do 31 de marzo de 2010.

Na disposición *transitoria primeira*, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, relativa aos *Plans en tramitación*, di: os Plans aprobados inicialmente antes das entrada en vigor desta Lei, poderán adaptarse integramente a esta Lei, ou continuar a súa tramitación a teor do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aínda que as súas determinacións deberán adaptarse plenamente a esta Lei. A simple adaptación do contido do plan en tramitación ás disposicións establecidas nesta Lei non implicará, por si só, a necesidade de sometelo a nova información pública, agás cando se pretendan introducir outras modificacións que alteren substancialmente a ordenación proxectada e non sexan consecuencia da

adaptación, extremo que será obxecto de informe polo secretario ou pola secretaria municipal.

Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data da entrada en vigor desta Lei deberán adaptarse plenamente a ela.

Vistos este dous últimos apartados da Lei 2/2010, do 25 de marzo, coa finalidade de non ter que comezar desde o principio unha nova tramitación do Plan Xeral, e visto que o novo documento conta co preceptivo informe previo da Dirección Xeral de Urbanismo, emitido con data do 17 de agosto de 2009, propónse ao Pleno a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal

Termina o sr. alcalde dicindo que independentemente de que se suspendan as licenzas, preténdese que se realice o máis axiña posible e que o documento pode ser mellorado, e que os concelleiros teñen información suficiente.

O sr. Viaño di que este documento non lles foi presentado, aínda que tamén pode ser porque non o pediron, porque os informes eran negativos. Polo tanto ese documento non é coñecido por nos (di o sr. Viaño). Sí coñecemos o informe negativísimo, por certo da época do sr. Feijoo, de data 29/12/2009.

O sr. alcalde di que está modificado e que se o documento non se aproba inicialmente hai que empezar de cero.

O sr. Viaño di que pretende que vote a favor, o mesmo que os seus concelleiros, de algo que non coñecemos.

O sr. alcalde di que entre o día de hoxe e mañá, verá que varios concellos están aprobando os seus plans.

O sr. Viaño di que non se sabe o que se está aprobando e ademais inmediatamente vaíse a modificar.

Responde o sr. alcalde que é adaptalo á lei.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra do P.S. de G., acórdase:

1º.- Aprobar INICIALMENTE o Plan Xeral de Ordenación Municipal, redactado por "*Estudio Técnico Gallego, S.L.*".

2º.- Someter o Plan Xeral de Ordenación Municipal, ao trámite de exposición pública durante dous meses, computados a partir da súa publicación, mediante anuncio no "*Diario Oficial de Galicia*" e en *dous xornais* de maior difusión na provincia. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, daráselles audiencia aos concellos limítrofes.

3.- Solicitar, ao mesmo tempo da información pública, as Administracións Públicas competentes, os informes sectoriais que resulten necesarios, e que deberán ser emitidos no prazo máximo de un mes, agás que a lexislación sectorial sinale outro prazo, e

solicitar da consellería competente en materia de medio ambiente, o preceptivo informe ambiental, que será emitido no prazo de un mes. Transcorrido este prazo sen que se comunique o informe solicitado, poderá continuarse o procedemento de aprobación do Plan.

4.- Aprobar a suspensión da concesión de licenzas, que ven dada a raíz da aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, nas condicións que a continuación se indican:

- **Solo Urbano:** suspenderanse as licenzas por total cambio das condicións de parcelación, usos e intensidade de uso.
- **Solo de Núcleo Rural:** suspenderanse as licenzas por cambio do réxime do solo.
- **Solo Apto para Urbanizar:** suspenderanse as licenzas en todos os ámbitos non desenrolados.
- **Solo Rústico:** suspenderanse as licenzas por cambio do réxime do solo.

Licenzas en tramitación: Tramitaranse todas as licenzas que contén coa solicitude debidamente rexistrada no concello, con anterioridade á Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Resolveranse as que no prazo máximo de tres meses, desde a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, contén con toda a documentación técnica completa e suficiente para a emisión do informe técnico favorable, que debe emitir os servizos técnicos urbanísticos municipais. As licenzas que deban contar cos preceptivos informes sectoriais e vinculantes doutras administracións, resolveranse a partires do último informe emitido por estas.

Non se suspenderán licenzas, en calquera tipo de solo, para simples obras de reparación e conservación, peches rústicos de postes e arame ou similares, talas de árbores, pequenas obras destinadas a infraestruturas de servizos e outras similares.

12.Aprobación Convenios suministros de auga entre os concellos de Boqueixón – Vila de Cruces e Boqueixón – Santiago de Compostela.

Dase conta dos convenios a asinar cos concellos de Vila de Cruces e Santiago de Compostela para o subministro de auga desde o concello de Boqueixón.

O sr. Viaño pregunta porqué a Vila de Cruces se subministra ao prezo de 0,1583 €/m³ e a Santiago de Compostela a 0.2432 €/m³.

Di así mesmo o sr. Viaño, que se debería ter coidado con isto, porque xa se asinou tamén un convenio con Vedra e non vaia ser que quede Boqueixón desabastecido.

O sr. alcalde responde que a diferenza de prezos é debido a que a Santiago de Compostela, ademais, hai que facturarlle o custo bombeo m³ (0,0499 €/m³) e a amortización da tubería (0,0350 €/m³) e que o caudal está dimensionado para máis de 20.000 persoas e que entre Vedra, Marrozos e Lavacolla non chegan a 11.000.

O sr. Viaño di que están de acordo pero con esa condición de ter coidado de que non se esgote o subministro.

O sr. alcalde responde que no caso de que exista algún problema, sempre queda o río Ulla, pois trátase de captar do Pontillón porque é máis barato e a auga é de mellor calidade.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

1) Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre o concello de Boqueixón e o concello de Vila de Cruces, para o abastecemento de auga potable á zona de Gres :

En Boqueixón a 1 de Maio de 2.010

COMPARECEN

O Excmo. Sr. D. ADOLFO GACIO VÁZQUEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Boqueixón

O Excmo. Sr. D. JESÚS OTERO VARELA, Alcalde-Presidente do Concello de Vila de Cruces.

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN:

Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma indirecta, en forma de concesión, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento no lugar de Orto, sendo adxudicataria da mesma a empresa Espina y Delfín, S.L.

Que a citada estación de tratamento de auga potable en unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg., 2.592 m³/día, estimándose que a poboación máxima que pode abastecer a planta é de uns 11.700 habitantes con un consumo medio de 220 litros/habitante.día.

Que o número total de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4.445 e o actual número de conexións ó abastecemento é de 864.

Que a zona de Gres, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo sen embargo necesario para este núcleo de poboación dese Concello de Vila de Cruces.

Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Vila de Cruces, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo.

Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997), establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.

Que a Lei 30/1992, L.R.X.A.P. e P.A.C., nos seus artigos 4 e 6 prevé a colaboración entre as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e a través de convenios de colaboración.

Que o artigo 3 do RDL 2/2000m que aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, establece no seu apartado c) a inclusión deste tipo de convenios de colaboración no seu ámbito de aplicación.

Polo exposto ambos concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

1º.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó lugar de Gres no Concello de Vila de Cruces.

2º.- DESENVOLVEMENTO.

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no proxecto e informes técnicos correspondentes.

3º.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha duración de **5 anos**, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

4º.- OBRIGA DAS PARTES.

Para o bo cumprimento dos obxectivos do presente convenio as partes comprométense a.

- a) A aportar cada concello o persoal e infraestructuras que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.
- b) O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o suministro; en todo caso solo poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Vila de Cruces dereito a reclamación algunha por este motivo.
- c) A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fora do período voluntario de 60 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo.

O prezo por m³ de auga abastecido será de **0,1583 €/m³ (+IVA)**; este prezo será válido durante todo o ano 2.010 actualizándose anualmente en función do IPC interanual a 31 de decembro. Esta fórmula poderá ser revisada con motivo das prórrogas.
- d) As facturacións realizaranse directamente pola concesionaria do servizo público de abastecemento de auga potable. Desta forma a concesionaria do Concello de Boqueixón xirará a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.
- e) O caudal máximo abastecido entenderase a cantidade estipulada no proxecto existente de interconexión da rede de abastecemento a Vila de Cruces, e como caudal máximo un total de 5 litros/seg.

5º.- EXTINCIÓN.

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas as partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes, facultará á outra para resolvelo.

6º.- XURISDICIÓN.

As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analogía ós principios do R.D.I. 2/2000 (texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas) ou no seu defecto ós principios do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme firmase por duplicado e a un solo efecto, no lugar e data arriba citados.

POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Alcalde,

POLO CONCELLO DE VILA DE CRUCES
O Alcalde,

Asdo.: Adolfo Gacio Vázquez

Asdo.: Xesús Otero Varela

2) Aprobar o seguinte convenio de colaboración entre o concello de Boqueixón e o concello de Santiago de Compostela para o abastecemento de auga potable .

En Boqueixón a 1 de Maio de 2.010

COMPARECEN

O Excmo. Sr. D. ADOLFO GACIO VÁZQUEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Boqueixón

O Excmo. Sr. D. XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela.

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN:

Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma indirecta, en forma de concesión, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento no lugar de Orto, sendo adxudicataria da mesma a empresa Espina y Delfin, S.L.

Que a citada estación de tratamento de auga potable en unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg., 2.592 m³/día, estimándose que a poboación máxima que pode abastecer a planta é de uns 11.700 habitantes con un consumo medio de 220 litros/habitante.día.

Que o número total de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4.445 e o actual número de conexións ó abastecemento é de 864.

Que a zona de Lavacolla, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo sen embargo necesario para este núcleo de poboación dese Concello de Santiago de Compostela.

Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Santiago de Compostela, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo.

Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997), establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.

Que a Lei 30/1992, L.R.X.A.P. e P.A.C., nos seus artigos 4 e 6 prevé a colaboración entre as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e a través de convenios de colaboración.

Que o artigo 3 do RDL 2/2000m que aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, establece no seu apartado c) a inclusión deste tipo de convenios de colaboración no seu ámbito de aplicación.

Polo exposto ambos concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

1º.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó lugar de Lavacolla no Concello de Santiago de Compostela.

2º.- DESENVOLVEMENTO.

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no proxecto e informes técnicos correspondentes.

3º.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha duración de **5 anos**, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

4º.- OBRIGA DAS PARTES.

Para o bo cumprimento dos obxectivos do presente convenio as partes comprométense a.

- f) A aportar cada concello o persoal e infraestructuras que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.
- g) O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o suministro; en todo caso solo poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Santiago de Compostela dereito a reclamación algunha por este motivo.
- h) A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fora do período voluntario de 60 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo.

O prezo por m³ de auga abastecido será de **0,2432 €/m³ (+IVA)**; este prezo será válido durante todo o ano 2.010 actualizándose anualmente en función do IPC interanual a 31 de decembro. Esta fórmula poderá ser revisada con motivo das prórrogas.
- i) As facturacións realizaranse directamente pola concesionaria do servizo público de abastecemento de auga potable. Desta forma a concesionaria do Concello de Boqueixón xirará a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.
- j) O caudal máximo a suministrar a rede de abastecemento a Lavacollaa será de 7 litros/setg.

5º.- EXTINCIÓN.

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas as partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes, facultará á outra para resolvelo.

6º.- XURISDICIÓN.

As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analogía ós principios do R.D.I. 2/2000 (texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas) ou no seu defecto ós principios do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme firmase por duplicado e a un solo efecto, no lugar e data arriba citados.

POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O Alcalde,

POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

O Alcalde,

Asdo.: Adolfo Gacio Vázquez

Asdo.: Xosé Antonio Sánchez Bugallo

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Vº e Pr.

A secretaria

O alcalde en funcións